



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. JOSEFA ALONSO DE ALONSO

Rúa Manuel Cominges, 14 - 36213 Matamá - Vigo - Teléfono: 886.12.02.46 - CP: 58800953F

ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

CEIP JOSEFA ALONSO DE ALONSO

COMUNICADO ÁS FAMILIAS CURSO 2021/22



CEIP JOSEFA ALONSO DE ALONSO

Rúa Manuel Cominges, 14
36213, Matamá, Vigo

Teléfono: 886 120246

Correo: ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Teléfono: 886 120251

ANPA LAMEIRA

Teléfono: 886 120247

Correo: anpalameira@gmail.com



CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2021-2022

As clases iniciaranse o 9 de setembro e rematarán o 22 de xuño de 2022.

As vacacións de Nadal serán do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive, e as de Semana Santa do 11 ao 18 de abril, inclusive os dous tamén.

Non haberá clases os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo (Entroido).

Non serán lectivos os festivos nacionais ou autonómicos e os días 11 de outubro (día do Ensino) e 16 de maio (pendente de aprobar polo Consello Escolar e pola Xefatura Territorial)

HORARIOS (prégase puntualidade)

Débase concretar cita previamente, ben mediante chamada telefónica, Abalar móbil ou mediante unha nota escrita a través da axenda escolar. No caso de reunión presencial débense cumprir as medidas do Plan de Adaptación do Josefa Alonso publicado na web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/>

Clases: De 08:50h a 13:50h. Neste curso escolar pola situación Covid **as entradas e saídas faranse segundo o establecido no Plan de Adaptación publicado na web do centro. (Zonas asignadas por cursos)**

Secretaría: Mércores, xoves e venres de 13:00h a 13:45h e Luns e martes de 08:50h a 9:40h.

Dirección: Luns, martes e mércores de 12:15h a 13:00h e xoves e venres de 13:00h a 13:45h

Departamento de Orientación: Luns e martes.

ANPA: Todos os días de 09:00h a 09:20h. no local do Centro.



FALTAS DE ASISTENCIA, SAÍDAS DO ALUMNADO DURANTE A XORNADA ESCOLAR

As **faltas** deben xustificarse por escrito ante a titora **a través da axenda escolar ou abalar**, e se pode ser, comunicadas con antelación. **No caso de EI que non emprega axenda o Equipo de Educación Infantil especificará a xustificación de faltas.**

Nos **retrazos matinais** os acompañantes do alumno/a asinarán no libro específico que lle facilitará a/o mestra/e de garda.

Para xustificar as **saídas no horario lectivo** a persoa responsable e autorizada que veña a recoller ao neno/a asinará no caderno específico que lle facilitará o profesorado de garda.

AVISOS

Non se suministrará **ningún tipo de medicación** nin produtos para a cura de feridas e golpes. Soamente auga e xabón. Agás nos casos de alumnado de Alerta Escolar.

É importante que manteñades **os datos actualizados** para facilitar a vosa localización inmediata.

Os **obxectos persoais** do alumnado deben estar **etiquetados**.

Non se repartirán invitacións de aniversario no recinto escolar.

TRANSPORTE ESCOLAR

As paradas solicitadas para o uso do transporte escolar serán fixas ao longo do curso. Se as familias queren que o seu fillo/a vaia dende a parada á súa casa deberán pedir e asinar a autorización correspondente (esta situación só é posible no caso do alumnado de 5º e 6º de E.P.)

INSTALACIÓNS E MATERIAIS DO CENTRO

Debe transmitirse ao alumnado que as instalacións do centro son de todos, de xeito que o respecto dos diferentes espazos e dos materiais que neles se atopan sempre estea presente.

Lembrede que o alumnado **non pode traer xoguetes ao cole, agás que a titora o permita nunha situación excepcional.**

SAÍDAS ESCOLARES E ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

As familias asinan unha autorización para todas as saídas que se realicen dentro do horario escolar que poderán efectuarse como parte do desenvolvemento didáctico. Para as saídas que se prolonguen fóra do horario escolar se asinará unha autorización específica para devandita actividade.

FESTIVAIS

Faranse diferentes festivais ao longo do curso (Magosto, Samaín, Entroido...) para todo o alumnado buscando sempre o valor pedagóxico dos mesmos. En función da situación Covid valorarase a participación das familias, sempre sendo dun único acompañante por familia.

ANIVERSARIOS

Cada titora informará ás correspondentes familias sobre a maneira de festexar, se é o caso, co alumnado esta data, respectando a dinámica da aula e o Plan de Adaptación Covid.

COMUNICACIÓN FAMILIAS-ESCOLA

Titorías: A titora dos vosos fillos/fillas é o principal vehículo de comunicación. O horario de atención será os martes de 16:00h. a 17:00h, sempre con cita previa vía telefónica, a través de abalar ou axenda.

A aplicación Abalar Móbil NON substitúe a labor de titoría. O seu uso é especificamente para recibir comunicacións de grupos e de centro, xustificar faltas e solicitar citas de titoría no horario establecido polo centro.

Ademais a axenda individual de cada neno tamén é vehículo comunicativo entre a titora e as familias.

O alumnado e as familias tedes á vosa disposición unha **caixa do correo**, situado no acceso ao centro e na entrada do edificio de Primaria, coa finalidade de recibir todas as vosas suxestións e mellorar xuntos o funcionamento do cole. Non dubidedes en utilizala.

Neste curso escolar seguirase a desenvolver a **Escola de Familias** do CEIP JOSEFA ALONSO DE ALONSO, para traballar xuntos nas necesidades que xurdan a nivel educativo.



ANPA

No CEIP Josefa Alonso de Alonso contamos coa **ANPA LAMEIRA**, que xestiona voluntariamente o comedor escolar, e as actividades extraescolares. Ademais, esta asociación participa activamente co centro educativo na dinamización de actividades didácticas, semanas culturais e excursións. A coordinación e colaboración faise a través das reunións mensuais de Encontros Familia e Escola, entre a Directiva da ANPA e do Equipo Directivo do centro educativo. Destacar o apoio que manifestan para mellorar o noso centro.

Para que a ANPA poida seguir a súa importante labor, é necesaria a colaboración de todas as familias.

COMEDOR

Lémbrase que a recollida do alumnado no servizo de comedor é de 15:00h. a 15:45h, de xeito secuencial, seguindo o protocolo Covid.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades que se ofertan dende a ANPA están pendentes da situación Covid e no caso do seu desenvolvemento será a Asociación a que informe ás familias.

Prégase **máxima puntualidade na recollida de comedor** e actividades extraescolares, no caso de que se desenvolvan.



EQUIPO DOCENTE

INFANTIL

4ºEI (3 anos): Marta López

5ºEI (4 anos): Patri

6ºEI (5 anos): Sonia

APOIO: Nati

PRIMARIA

1ºEP: Ana

2ºEP: Alba

3ºEP: Marta P.

4ºEP: Ofelia

5ºEP: Chus

6ºEP: Noemí

ESPECIALISTAS

INGLÉS: Susana

MÚSICA: Raquel Valle

EDUCACIÓN FÍSICA: Javier

RELIXIÓN: Celia

ORIENTACIÓN: Gloria

Pedagogía Terapéutica: Raquel Valcarce

Audición e Linguaxe: Alexandra

EQUIPO DIRECTIVO

Dirección: Ana

Xefatura de estudos: Marta P.

Secretaría: Raquel Valcarce